

ASISTENTES

Andrés Iglesias, Jesús de (PAS)
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
González Santamaría, Pedro (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Á. (SECRETARIO)
Novás Míguez, Javier (PAS)
Ríos Santomé, María José (PAS)
Rubio Armesto, Belén (PRESIDENTA)

ESCUSAN

Dafonte Gómez, Alberto (PDI-A)
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores, 11 de maio de dous mil vinte dous, convocada ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 en segunda.

O día **11 de maio de 2022** ás 09:15 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida pola vicerreitora de Investigación en funcións, por delegación do reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 1 de abril do 2022.

A presidenta indica que non se recibiron alegacións á acta enviada, polo que pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta.

2. Resolución, se procede, das reclamacións á proclamación provisional dos resultados ás eleccións a reitor e a representantes do Claustro, así como sobre as incidencias acaecidas na xornada da votación.

A presidenta cede a palabra ao secretario, quen indica que non houbo reclamacións respecto das eleccións a reitor. En relación coas eleccións a representantes no Claustro, recibíuse na Secretaría Xeral unha reclamación, que foi onte remitida aos membros desta comisión, data de remate do prazo de presentación de alegacións. Trátase dun caso de empate entre dúas persoas de diferente xénero na circunscrición da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións. A Secretaría Xeral, actuando por delegación da comisión, proclamou provisionalmente, á vista do resultado, á candidata, en aplicación do artigo do 34.7º do REX que sinala: “nos casos de empate dentro dun mesmo sector, daráselle preferencia ao candidato/a do xénero menos representado no órgano colexiado” (subliñado engadido). O reclamante alega que, na dita circunscrición, o resultado sería de maior representación feminina, de proclamar a candidatura deste xénero, pero o texto do Regulamento é claro, posto que se refire expresamente á representación no órgano colexiado, isto é, no Claustro; resultando que o cómputo total de representantes de xénero masculino é superior aos do xénero feminino tras as eleccións, por lo que procede desestimar a reclamación.

Así mesmo, o secretario informa de que se recibiu a consulta dun decano que, sendo membro nato, foi elixido claustral e pregunta sobre os destino da súa praza como electo. Ao non establecerse a posibilidade de suplencia nestes casos, o procedente é deixar baleira a praza correspondente en tanto o membro nato segue a ocupar o seu cargo académico. O contrario

implicaría ter que modificar o Regulamento de réxime interno do Claustro, dado que foron os novos Estatutos os que estableceron a pertencencia dos/as decanos/as e directores/as como membros natos do Claustro. Sería complexa a articulación dun procedemento que permitise retirar a condición de claustral á persoa suplente, unha vez que o decano/membro nato deixara o posto e pasase á condición de electo. Por outra banda, só hai tres casos nesta situación tras as eleccións. Belén Rubio comenta que, en todo caso, as persoas sabían que xa eran membros natos e se presentaron de forma consciente.

Finalmente, recibíuse unha denuncia dunha asociación de estudantes polo envío por aplicacións de mensaxería para móbiles de mensaxes solicitando o voto o propio día da votación por parte doutra asociación, alegando o artigo 29.2º do REX, que indica: “*Non poderá difundirse propaganda electoral nin realizarse ningún acto solicitando o voto fóra do período establecido para a campaña electoral*”. Non obstante, o secretario entende que este artigo se refire a actos públicos de petición de voto, non ao envío de mensaxes por canles privadas, aínda que poidan implicar a un grupo de persoas, polo que esta incidencia debe ser desestimada.

Apróbase, por asentimento, desestimar a reclamación presentada así como a incidencia detectada, acordando así mesmo que os postos ocupados por membros natos electos quedarán baleiros, ata que os ocupen cando rematen nos seus cargos.

3. Proclamación definitiva de resultados de cada elección sinalada no punto anterior.

A presidenta propón, consonte o acordado no punto anterior, elevar a definitivos os resultados das eleccións.

Apróbanse por asentimento os resultados definitivos da elección a reitor e a representantes no Claustro Universitario.

4. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

5. Aprobación da acta correspondente a esta reunión, do mércores 11 de maio de 2022.

A presidenta propón, como remate a todo o procedemento electoral, que a comisión aprobe nesta mesma sesión a acta, da que da lectura o secretario.

Pedro González Santamaría critica o deseño das papeletas que foi algo que moitos dos electores transmitiron e solicita datos do total de votos nulos. O secretario xeral explica que o deseño das papeletas foi aprobado pola comisión e que se aportará a información ao membro da comisión. Pedro González Santamaría insiste en que o número de votos nulos foi elevado e que pode ser que as mesas non realizaran ben o cómputo e solicita as actas das circunscricións. María Xosé Ríos entende que o voto nulo é unha opción tan lexítima coma

outra calquera. A presidenta sinala que se facilitarán eses datos, en particular sobre o voto nulo, aos membros da comisión.

Apróbase a acta por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:40 h do día 11 de maio de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace da presidenta por delegación da Comisión Electoral

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral